

Expediente: CON2023000010

Referencia interna: 2023/00009285K -

Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela

Tipo de contrato: Servicios **Procedemento:** Abierto

INFORME DE SOLVENCIA COMPLEMENTARIO

Antecedentes

O Departamento de Contratación solicita á técnica de Turismo informe sobre a solvencia técnica e compromiso de adscrición de medios persoais da empresa proposta como adxudicataria, Design Thinkers and Makers SL, na contratación da prestación de servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “Faino Tí” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da Edusi Revive Santiago, conforme ao establecido nos Pregos de condicións que rexe a licitación.

Realizada a comprobación da documentación, a técnica informa FAVORABLEMENTE .a solvencia técnica e adscrición de medios ao contrato, aínda que propón á Mesa de Contratación celebrada o día 7 de xullo de 2023, a necesidade de subsanar as deficiencias apreciadas na documentación achegada e requirir a súa emenda.

Realizado o requirimento, con data 10 de xullo de 2023 recíbese da empresa a documentación de subsanación, achegando:

- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da AEAT actualizado (data 10 de xullo de 2023)
- Compromiso de adscrición de medios ao contrato que como mínimo formarán parte do equipo de traballo, desagregado por Lotes.
- Título de Técnico Superior en Animacións 3D, Xogos e Entornos Interactivos
- Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración
- Título de Graduado en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática

Na mesma data recíbese encargo do Dpto. de Contratación (nº de encargo 87044) solicitando informe de solvencia complementario.

Consideracións

Da análise da documentación de subsanación achegada pola empresa e en aplicación do establecido nos Pregos que rexen esta contratación, **INFORMASE** o seguinte:

a) Que a empresa comprométese a adscribir como mínimo os seguintes medios persoais que formarán parte do equipo de traballo desta contratación, desagregado por Lotes da seguinte maneira:

Lote 1

2 Perfís de Económicas:

- 1 Graduada en Economía
- 1 Graduada en ADE

4 Perfís de Enxeñaría:

- 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en impresión 3D
- 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en tecnoloxías de fabricación dixital
- 1 Enxeñeiro en Telecomunicacións
- 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en procesos de innovación

Adicionalmente adscríbese ao contrato o resto de perfís: 1 Enxeñeiro en Electrónica Industrial e Automática especializado en Arduino, 1 Enxeñeiro en Informática de Sistemas e referente nacional en emprendemento dixital, 1 Técnico Superior en Administración de Sistemas e referente nacional en emprendemento dixital e 1 Graduada en Deseño de Produto.

Lote 2

2 Perfís de Enxeñaría:

- 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en Impresión 3D
- 1 Enxeñeiro en Telecomunicacións

3 perfís de ciclo superior en informática:

- 1 Técnico Especialista en equipos Informáticos
- 1 Técnico Superior no Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas, Técnico Superior no Desenvolvemento de Aplicacións Web e Técnico Medio en Explotación de Sistemas Informáticos
- 1 Técnico Superior en Administración de Sistemas e referente nacional en emprendemento dixital

Adicionalmente adscríbese ao contrato o resto de perfís: 1 Graduada en Deseño de Produto, 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en procesos de innovación, 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en tecnoloxías de fabricación dixital, 1

Enxeñeiro en Electrónica Industrial e Automática especializado en Arduino,, 1 Técnico Superior en Animación, Técnico Superior en Ilustración e Programador Certificado en Unity, 1 Enxeñeiro en Informática de Sistemas, Graduado en Comunicación, Docente e Cómico, 1 Graduada en Historia do arte e finalizando estudos de Técnico Superior de aplicación web, 1 Graduado en Publicidade especializado en Fotografía e Video; 1 Graduada en Belas Artes, Técnico Superior de Animación Sociocultural e Mestrado en Xestión Cultural, 1 Graduada en Deseño de Produto.

Lote 3

2 Perfís de Pedagogía principais:

- 1 Licenciada en Psicopedagogía e Diplomada en Educación Social
- 1 Técnico Superior no Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas

Resto de perfís: 1 Licenciada en Psicoloxía con postgraos en Psicoloxía da Creatividade e Comunicación Creativa, 1 Licenciada e Doutora en Psicoloxía, 1 Técnico Superior en Animación, Técnico Superior en Ilustración e Programador Certificado en Unity, 1 Licenciada en Farmacia, 1 Graduada en Belas Artes, Técnico Superior de Animación Sociocultural e Mestrado en Xestión Cultural, 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en procesos de innovación, 1 Enxeñeiro en Deseño Industrial especializado en tecnoloxías de fabricación dixital.

b) Que a empresa emendou a documentación requirida.

c) Que da comprobación realizada a empresa proposta como adxudataria acreditada a solvencia técnica cos títulos académicos achegados das persoas que formarán parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, de acordo co establecido no Prego.

d) Que a formación das persoas propostas que formarán parte do equipo de traballo son iguais ou equivalentes aos perfís esixidos nos Pregos para os Lotes I, II e III.

e) Que a empresa declara que todas as persoas membros do equipo que participarán na contratación contan cun mínimo de tres anos de experiencia nos traballos que van a realizar.

Conclusión

Tendo en conta o disposto no artigo 139.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e analizada a documentación presentada pola empresa Design Thinkers and Makers SL relacionada coa solvencia técnica e de adscrición de medios persoais á execución do contrato para a prestación de servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “Faino Tí” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da Edusi Revive Santiago, **infórmase FAVORABLEMENTE.**



Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica